

CONVOTARIA PÚBLICA 24/2019

Ampliación do prazo de presentación de emendas ás listas provisionais de admitidos e excluídos

Con data 20 de setembro publícase a Resolución reitoral 24/2019, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convoca concurso público de méritos, para a contratación de mozos investigadores que se inicien na labor investigadora dentro do programa estratéxico científico do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS).

Con data 2 de outubro publícase a Resolución reitoral, das **listas provisionais de admitidos e excluídos da Convocatoria 24/2019** e habilitase, por erro, un prazo de TRES (3) días naturais, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da USC para presentar reclamación e/ou aportar a documentación requirida a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela.

Para dar cumprimento ao prazo de DEZ (10) días naturais que recolle a Resolución reitoral do 20 de setembro pola que se convoca concurso público 24/2019 para que os aspirantes excluídos poidan emendar os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión, esta reitoría resolve corrixir o erro e **ampliar o prazo de presentación de emendas ás listas provisionais de admitidos e excluídos da Convocatoria Pública 24/2019 ata o 14 de outubro de 2019.**

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019
Por delegación do Reitor,
Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)
O Vicerreitor de Investigación e Innovación,
Vicente Pérez Muñuzuri
(Documento asinado electronicamente)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 08/10/2019 18:12:35.

CSV: 5D5A-1D4F-4AA7-A67D